



**O BNG de Teo escolle o primeiro tramo da súa candidatura que está encabezada por Eloi Devesa**

**A decisión foi tomada este xoves na Asemblea Local entre a militancia do Concello**

**Teo, 23 de febreiro de 2023.-** O BNG de Teo anuncia a elección do primeiro tramo da súa candidatura para as eleccións municipais de maio de 2023. **A lista está encabezada por Eloi Devesa** (veciño de *Luci*), quen asume a responsabilidade logo da renuncia de Patricia Castelao por motivos persoais.

**A decisión foi tomada por unanimidade da Asemblea Local** e con ampla participación da militancia. No lugar, **Devesa agradeceu a todas e todos o apoio recibido e a confianza amosada e afirmou sentirse moi orgulloso de pertencer á organización.** Ademais, dedicou unhas palabras de agradecemento e os mellores desexos para a anterior candidata.

Devesa indicou estar seguro de que o BNG de Teo estará á altura do momento porque conta con *“un equipo unido, forte, comprometido, capaz de afrontar as vicisitudes con naturalidade, con ganas de avanzar e ilusións para traballar”*. **Engadiu tamén que o proxecto segue adiante e a Asemblea continúa traballando con total normalidade,** realizando o calendario previsto e as actividades programadas.

**Nos seguintes postos da lista atópanse os seguintes veciños e veciñas:**

- 2 Noelia Castaño: *Reis*
- 3 Oscar Antón Pérez: *Cahceiras*
- 4 Almudena Taboada: *Vilar*
- 5 Marcelino Rey: *Os Tilos*
- 6 Daria Segade: *Calo*
- 7 Irene Tato: *Rarís*

**Proximamente anunciaremos os restantes membros da candidatura.**